



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.X
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

XXXIX FEIRA DO GRELO

PROGRAMA

08:00-10:00h Concurso para cestas de grelos. Numeración das cestas dos participantes. Mercado Municipal de Abastos.

10:00 – 11:00h Exposición e cualificación das cestas.

11:00h-13:00h Retirada das cestas seleccionadas polo xurado e posta á venda da mercancía exposta.

11.30h Entrega de premios do concurso de cestas. Praza de América

12.30 h MENÚ DEGUSTACIÓN *

no patio do colexio Sta. María · Prezo: **10 €**

- Sopa de cocido

- Cocido con grelos, costela, lacón, chourizo, garabanzos e patacas.

- Sobremesa: quequeiro da Faeira con mel de Goente

(Haberá servizo de menú para levar)

*O servizo de menú será ata as 15:30h, e sempre que haxa existencias.

FREIXÓS. A freixoeira estará instalada na Avda da Coruña.

ACTIVIDADES, MOSTRAS E EXPOSICIÓNS

SÁBADO 2 E DOMINGO 3 DE MARZO

XII EXPOSICION CONTornos. Exposición itinerante de madeira torneada. 1ª planta Mercado Municipal de Abastos, desde o día 1 de marzo o día 10 de marzo.

EXHIBICIÓN DE TORNEADO DE TALLA EN MADEIRA da Asociación Amigos da madeira das Pontes. *Rúa Alexandre Bóveda.*

SON DE CAMPO na Praza de América (<https://www.facebook.com/sondecampo/>)

Feira itinerante promovida pola Federación de mulleres rurais FADEMUR con produtos autóctonos nos que se inclúen dende alimentación, agasallos ata cosmética ou xoiería, coa participación de produtos ponteses. A venda e exposición irá acompañada de demostracións ao vivo e degustacións dirixidas a toda a familia.

Horario: sábado 10 de 11:00 de 20:00h e domingo 11 de 11:00 de 18:00h

III MOSTRA DA CAMELIA na Praza de América

Exposición de distintas variedades de camelias que achegarán ata As Pontes membros da asociación **AICAM** con membros de toda Galicia.

Horario: sábado 10 de 11:00 de 20:00h e domingo 11 de 11:00 de 18:00h



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.X
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, Nº 28, 1º · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

III Mostra da Federación de Razas autóctonas de Galicia (Boaga), (porco celta, galiña de Mos, ovella galega) e do **Club da Raza Can de Palleiro**. Carpa instalada na Rúa Alexandre Bóveda

Exhibición do escultor **MARCOS MARIÑO**. Talla en madeira con motoserra. *Rúa Alexandre Bóveda*.
Sábado 2 de marzo de 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h

MÚSICA na FEIRA

SÁBADO 2

Música de rúa. Durante toda a xornada cargo de Alfaia, Canavella, Os Ferozes da Galgueira

18.00h A BANDA DA LOBA Carpa Praza de América

Música com M de MULLER. Cinco mulleres que se unen neste novo proxecto, con repertorio propio baseado tanto en letras da súa autoría como en musicalizacións de poetas célebres. Todo isto, baixo un estilo ecléctico e heteroxéneo que bebe do rock, do pop, do folk... e fai do seu repertorio un fantástico caleidoscopio musical.

20.00h ANDRÉS PENABAD E BANDA. Carpa Praza de América

O acordeonista pontés e a súa banda interpretarán temas dos seus anteriores discos.

DOMINGO 3

Música de rúa. Durante toda a xornada cargo de No Cómbaro, Trevillas.

12.00h CORRAL POLIFÓNICA DO ATURUXO DE MELPÓMENE Carpa da Praza de América.

Versionan temas de hoxe e de onte con letras de creación propia:

13.30 H BIRIMBAO FOLK. Carpa da Praza de América

Birimbao son seis músicos cheos de gañas por expresar o seu modo de sentir a música galega. Mesturan os instrumentos galegos, gaita, pandeireta con outros modernos coma a batería e o baixo eléctrico formando así unha riqueza de sons que transmiten nos seus concertos. Incluíndo ritmos tan diversos coma rock, jazz...

18:30 H XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE.

Auditorio Municipal. Cine Alovi

Xabier e as Adufeiras tocarán temas do recoñecido disco "The Tambourine Man" e do novo LP "Noró"

CONCURSO DE GRELOS da XXXIX Feira do Grelo. Domingo 3 de marzo de 2019

BASES:

Inscrición: de 8 a 10:00h o día da feira no Mercado municipal, na Rúa Alexandre Bóveda.

1ª Os grelos presentaranse en cestas que deberán conter como mínimo 10 madas. Esta condición é obrigatoria para poder concursar.

2ª Só se admitirá un concursante por unidade familiar.



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.X
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, N° 28, 1° · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

3ª Os concursantes deberán ter un mínimo de 16 anos.

4ª A partir das 10h, momento no que o xurado comezará a facer o recuento das cestas concursantes, non se admitirán máis cestas a concurso. Aínda que para admisión de inscricións terase en conta a cantidade de grelos presentada por participante (máximos atendendo ao recinto de exposición das cestas e mínimo 10 madas) e a adaptación á infraestrutura e xestión da feira polo que no caso de que o número de participantes sexa superior as prazas dispoñibles a selección farase por orde de inscrición.

As cestas que non sexan admitidas poderán poñerse á venda pero non participarán no concurso.

5ª O concurso rematará ás 11h, comezando a esa hora a venda ao público dos grelos non agraciados con premio.

6ª O xurado estará composto por persoas coñecedoras do produto, e un representante do Concello (con voz, sen voto).

7ª As decisións do xurado serán inapelables, podendo declarar desertos os premios en calquera das categorías.

8ª Os donos das cestas admitidas a concurso recibirán un vale por importe de 20 €.

9ª Establécense os seguintes premios (podendo declararse deserto algún deles):

Premios á calidade do grelo: 1º premio: 300 €, 2º premio: 250 €, 3º premio: 200 €, tres accésits de 60 € cada un; premio especial á cesta mellor adornada: 1º premio: 300 €, 2º premio: 200 €, 3º premio: 100 €

“Premio Especial Alexandre Pérez Sindín”

10ª Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF de acordo coa lexislación vixente.

Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día da feira, unha vez rematado o concurso. Os participantes que resulten gañadores recollerán nese momento un vale do premio.

Os premiados deberán presentar a designación bancaria a seu nome asinada pola entidade financeira no rexistro xeral do Concello (ou no rexistro telemático, na sede electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com>) entre o 4 e o 22 de marzo)). O premio farase efectivo por transferencia bancaria.

CABALGATA DE ENTROIDO

Martes, 5 de marzo de 2019

Saída: Rúa Monte Caxado ás **17:00 horas**

Cabalgata amenizada pola Batucada Perkusiona e Louband

Percorrido: Avda. de Ortigueira, Avda. de Castelao, Praza do Hospital, Avda. de Galicia, Rosalía de Castro, e Patio do Colexio Sta. María.

Inscricións: as solicitudes de inscrición presentaranse no Rexistro Xeral do Concello das Pontes ou a través da sede electrónica (<https://sede.aspontes.com>) en impreso normalizado para este fin. Este impreso estará tamén dispoñible no departamento de cultura (Casa Dopeso, rúa Rosalía de Castro, 1º andar). O prazo de inscrición abrírase o día da publicación das bases na web municipal e rematará o luns 4 de marzo de 2019 ás 12:00h. As solicitudes presentadas fora deste prazo serán desestimadas.



CONCELLERÍA DE CULTURA/O.M.I.X
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, N° 28, 1° · CP 15320 · Telf./Fax 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D

Ref.: Cultura

BASES CABALGATA DE ENTROIDO 2019

O Concello das Pontes, a través da Concellería de cultura propón as bases para a participación na Cabalgata de Entroido 2019 que se celebrará o martes día 5 de marzo.

CATEGORÍAS E PREMIOS:

ADULTOS	CARROZAS GRUPOS≥10*	GRUPOS (3-9)	PARELLAS	INDIVIDUAL	
1º	800 €	650 €	400 €	200 €	120 €
2º	650 €	475 €	300 €	150 €	90 €
3º	400 €	325 €	200 €	100€	60 €
		5 accésits 150 €			

INFANTIL	GRUPOS	PARELLAS	INDIVIDUAL	MENIÑOS (ata 8 anos)
7 premios	150 €	75 €	50 €	Un conto

Aos premiados nas categorías infantís entregáraselles un vale canxeable por libros, material e xogos educativos e didácticos.

A categoría meniños non entra no concurso, e todos os participantes desta categoría recibirán un conto ao remate da Cabalgata no patio do colexio Sta. María.

As bases e a normativa para a participación na cabalgata pódese consultar no servizo de cultura no www.aspontes.org e [facebook.com/culturaaspontes](https://www.facebook.com/culturaaspontes)